EXPEDIENTE 2025/G010/000008. PLENO SESIÓN ORDINARIA 12 DE XUÑO DE 2025.

ACTA Nº 2025/09

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 12 de xuño de 2025
Hora de comezo: 21.07 horas
Hora de remate: 22.35 horas

PRESIDE:
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:
JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000007. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 8 de maio de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/X999/000044. Plan económico-financeiro (PEF) 2025/2026 do Concello de Touro. Aprobación

II PARTE DE CONTROL

3 EXPEDIENTE 2025/G006/000138. Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de maio e o 8 de xuño de 2025. Toma de razón.

4 Mocións.

4.1. Moción do Grupo Municipal do BNG para o estudo da revisión do PXOM.

5 Rogos e preguntas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000007. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 8 DE MAIO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

08.05.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 8 de maio de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Reboredo González di que queren facer unha apreciación no punto da Moción do BNG sobre a restauración do cruceiro de Calvos, o Concelleiro Alfredo Souto solicitou un segundo turno de palabra e se lle denegou, queremos que se recolla na acta iso, estariamos a favor da acta se se recolle exactamente ese tema.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta con esa puntualización, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/X999/000044. PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO (PEF) 2025/2026 DO CONCELLO DE TOURO. APROBACIÓN.

O Sr. alcalde di que como consecuencia do incumprimento no exercicio 2024 do criterio da estabilidade orzamentaria e da regla de gasto sométese a aprobación o Plan Económico Financeiro que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Especial de Contas, onde se analizan as causas do incumprimento e as medidas a adoptar, onde a continuación se reproduce de xeito literal a proposta de Alcaldía que consta no expediente co seguinte contido:

ANTECEDENTES

29.04.2025 Informe de secretaría-intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regla de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do exercicio 2024.

29.04.2025 Decreto de Alcaldía relativo á aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2024.

08.05.2025 Dación de conta ao Pleno da liquidación do orzamento do exercicio 2024 e do informe de secretaría-intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regla de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do exercicio 2024.

28.05.2025 Informe de secretaría-Intervención.

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

29.05.2025 Formación e redación do Plan Económico-Financeiro 2025/2026 por incumprimento en 2024 do obxectivo de regra de gasto e da estabilidade orzamentaria.

29.06.2025 Posta en coñecemnto dos membros da Corporación do citado Plan cunto coa convocatoria da Comisión informativa de facenda e especial de contas.

03.06.2025 Ditame favorable da Comisión informativa de facenda e especial de contas.

Ao abeiro dos antecedentes referidos e as normas reguladoras na materia, propoño ao Pleno da Corporación:

PRIMEIRO. *Aprobar o Plan Económico Financiero do Concello de Touro para o período 2025-2026 nos termos que constan no presente documento.*

SEGUNDO. *Publicar na Sede Electrónica do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, a efectos meramente informativos, o texto íntegro do Plan Económico-Financeiro 2025/2026 do Concello de Touro, en cumprimento do previsto no artigo 26.1, do RD 1463/2007, de 2 de novembro.*

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025/2026 DO CONCELLO DE TOURO.

1. INTRODUCIÓN.

A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), establece, para as entidades Locais, a obrigación de que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos dos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da mencionada normativa, realícense nun marco de «estabilidade orzamentaria», coherente coa normativa europea.

Entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Conforme establece o artigo 11.3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, as Corporacións Locais non poderán incorrer en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, polo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Segundo establece o artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril, a variación do gasto computable non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española. Entenderase por gasto computable o importe dos empregos non financeiros en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), excluídos os intereses da débeda, a parte do gasto financiado con fondos finalistas da Unión Europea ou doutras Administracións e as transferencias vinculadas aos sistemas de financiamento. A taxa de referencia para o cálculo da regra de gasto será publicada polo Ministerio de Economía e Competitividade, conforme o artigo 12.3 da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril.

Deberase cumprir o principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

De acordo ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira no seu artigo 21, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o Concello debe formular un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e o seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto.

Debe terse en conta que, o artigo 28 de Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, establece que constitúe infracción moi grave en materia de xestión orzamentaria:

• A non presentación ou a falta de posta en marcha en prazo do plan económico-financeiro ou do plan de reequilibrio de conformidade co artigo 23 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

• O incumprimento das obrigacións de publicación ou de subministración de información previstas na normativa orzamentaria e económico-financeira, sempre que neste último caso se formulase requirimento.

• A falla de xustificación da desviación, ou cando así se lle requiriu a falla de inclusión de novas medidas no plan económico-financeiro ou no plan de reequilibrio de acordo con o artigo 24.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

• A non adopción das medidas previstas nos plans económico-financeiros e de reequilibrio, segundo corresponda, previstos nos artigos 21 e 22 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

Con motivo da aprobación da liquidación do exercicio 2024, por Resolución de Alcaldía, n.º 129/2025, de data 29 de abril, dende secretaría-intervención emituese informe, de data 29 de abril de 2025, sobre avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regla de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do exercico 2024.

Devandito informe pon de manifesto:

- *Non cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, que se traduce en termos numerarios en -1.356.573,43 euros.*
- *Non cumpre co obxectivo de regla de gasto, que se traduce en termos numerarios en -855.357,82 euros.*

En consecuencia a tal incumprimento, faise necesario a elaboración do Plan Económico-Financeiro que a continuación se detalla, que lle permita ao concello cumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regla de gasto en 2025 e 2026, e que se constatará nas respectivas liquidacións orzamentarias.

2. CONTIDO E TRAMITACIÓN.

O contido do Plan Económico-Financeiro atópase regulado actualmente:

a) No artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (LOEPSF).

b) No artigo 9 da Orde HAP/2105/2012 pola que se desenvolven as obrigas de información previstas na Lei 2/2012.

c) No artigo 20 do Real Decreto 1463/2007.

d) No artigo 116 bis da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

A regulación que debemos ter de referencia debe ser a contemplada no artigo 21.2. da LOEPSF, xa que o resto de normas que regulan o contido dos Plans Económicos-Financeiros volven enumerar de forma parecida parte do contido mínimo do artigo 21.2, ampliando outros aspectos que se derivan da propia elaboración dun Plan Económico-Financeiro.

O artigo 21.2 da LOEPSF establece que o plan económico-financeiro conterá como mínimo a seguinte información:

a) *As causas do incumprimento do obxectivo establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.*
b) *As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se produzan cambios nas políticas fiscais e de gastos.*
c) *A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluidas no plan, sinalando as partidas presupostarias ou rexistros extrapresupostarios nos que se contabilizarán.*
d) *As previsións das variables económicas e presupostarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ó que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.*
e) *Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.*

Distinta é a regulación contemplada no artigo 116 bis da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, que prevé que os plans económicos financeiros inclúan medidas adicionais como a supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación; a xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus costes; incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local; racionalización organizativa; supresión de entidades de ámbito territorial inferior ó municipio que, no exercicio presupostario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

presupostaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a proveedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade; unha proposta de fusión cun municipio limítrofe da mesma provincia.

Respecto destas medidas recollidas no artigo 116 bis da LRBRL, da información extraída de consultas remitidas ao Ministerio conclúese que a falta dun maior desenvolvemento, realmente non serían aplicables as ditas medidas salvo que foran totalmente necesarias para o saneamento ou se tivera que aplicar o disposto na D.A 9.ª da mencionada Lei, sobre o redimensionamento do sector público local.

No Plan Económico-Financeiro que se presenta, non son necesarias contemplar as medidas incluídas no dito artigo 116 bis.

No que respecta á tramitación, terase en conta o seguinte:

a) O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación.

b) O Pleno da Corporación deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses dende a presentación.

c) A súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

d) Ao Plan daráselle a mesma publicidade que a establecida para a aprobación dos orzamentos da entidade.

O Plan aprobado deberá remitirse a través da aplicación de captura habilitada ao efecto na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

3. AVALIACIÓN CUMPRIMENTO OBXECTIVOS DA LOEPSF

3.1. Estabilidade orzamentaria.

CAPÍTULOS GASTO	*EUROS*	*CAPÍTULOS INGRESO*	*EUROS*
G1- Gastos de personal	*711.556,74*	*I1- Impuestos directos*	*816.261,55*
2- Gastos en bienes y servicios	*1.854.288,43*	*I2- Impuestos indirectos*	*60.914,98*
G3- Gastos financieros	*272,99*	*I3- Tasas y otros ingresos*	*229.498,24*
G4- Transferencias corrientes	*109.535,67*	*I4- Transferencias corrientes*	*1.902.184,99*
G5-Contingencias	*0,00*	*I5- Ingresos patrimoniales*	*49.552,42*
G6- Inversiones reales	*1.945.190,67*	*I6- Enaj. de invers. Reales*	*0,00*
G7- Transferencias de capital	*0,00*	*I7- Transferencias de capital*	*187.524,32*
G8- Activos financieros	*0,00*	*I8- Activos financieros*	*0,00*
G9- Pasivos financieros	*45.156,12*	*I9- Pasivos financieros*	*0,00*
TOTAL GASTOS	*4.666.000,62*	***TOTAL INGRESOS***	*3.245.936,50*
EMPLEOS (CAP. 1-7)	*4.620.844,50*	***RECURSOS (CAP. 1-7)***	*3.245.936,50*
CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN	***-1.374.908,00***		

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nembargantes, é preciso adaptar as magnitudes orzamentarias a magnitudes en términos SEC2010.

CONCEPTOS	***IMPORTES***
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII presupuesto corriente	*3.245.936,50*
b) Créditos previstos capítulos I a VII presupuesto corriente	*4.620.844,50*
TOTAL (a – b)	***- 1.374.908,00***
AJUSTES	
1) Ajustes recaudación capítulo 1	*0,00*
2) Ajustes recaudación capítulo 2	*0,00*
3) Ajustes recaudación capítulo 3	*-287,89*
4) Ajuste por devengo de intereses	*0,00*
5) Ajuste por liquidación PIE-2008-2009	*0,00*
6) Ajuste por liquidación PIE otros ejercicios distintos a 2008 y 2009	*122.860,18*
7) Ajuste por arrendamiento financiero	*0,00*
8) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto (413)	*- 104.237,72*
9) Ajuste por inejecución	*0,00*
c) TOTAL AJUSTES	***18.334,57***
f) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c – d + e)	***- 1.356.573,43***

Tal e como se plasma na tabla precedente, unha vez aplicados os axustes correspondentes, a capacidade de financiación en términos SEC2010 (2010) ***a entidade non cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria****.*

3.2. Regla de gasto

O informe do cumprimento da regra de gasto é o seguinte

	IMPORTES
Gasto computable liquidación 2023 sin IFS (GC2023)	*2.096.713,44*
Gasto inversiones financieramente sostenibles (2023)	*0,00*
Tasa de referencia de crecimiento del Producto Interior Bruto (2,6 %).	*2.151.227,99*
Límite de la Regla Gasto	***2.151.227,99***
1. Empleos no financieros (Oblig. Rec. Caps. 1 a 7 ejercicio 2024)	*4.620.844,50*
2. Intereses de la deuda 2024	*0,00*
3. Gasto no financiero financiado por adm. 2024 y por ingresos afectados	*1.718.496,41*
4. Ajustes SEC 2010 (4)	*104.237,72*
5. Total Gasto computable Liquidación 2024	***3.006.585,81***
Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2024" (GC2024)	***-855.357,82***

En base aos cálculos precedentes e aos datos presentados, resultando necesario realizar os axustes detallados, obsérvase que o gasto computable consolidado do Concello de Touro, é de 2.151.227,99 euros no ano 2023, e de 3.006.585,81 euros no ano 2024, polo que a diferencia entre o "Límite da Regra do Gasto" e o "Gasto computable Liquidación 2023" é de – 855.357,82 €.

Por tanto, ***a variación do gasto computable é do 43,40 %****, superior á taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, situada no 2,6 % para o exercicio 2024.*

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En consecuencia, con base nos cálculos detallados incúmprese o obxectivo da Regra do Gasto de acordo co artigo 12 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007 de 2 de novembro.

3.3. Sostibilidade financeira.

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade financiera a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ó establecido nesta lei, na normativa sobre morosidade e na normativa europea.

A instrumentación que o artigo 13 da LOEOSF realiza do principio de sostibilidade financiera se materializa na obriga para as entidaes locais de non superar un límite para a débeda pública.

O Concello de Touro, non ten endebedamento con entidades financeiras, polo que o seu importe de débeda viva e 0 euros, se ben o Concello ten débeda coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023 por importe de 567.418,74, se ben esta contías están sendo obxecto de redución a través dos POS+Adicionais para a redución da débeda de 76 concellos coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023 no que se establece "deberán aplicar necesariamente a achega provincial asignada neste Plan á redución desta débeda".

3.4. Sostibilidade débeda comercial.

Segundo o establecido no artigo 4 da LOEPSF, se entende por sostibilidade da débeda comercial que o periodo medio de pagamento aos proveedores (PMP), non supere o prazo máximo de 30 días previsto na normativa sobre morosidade.

O PMP foi de 6,61 días (dato correspondente ao cuarto trimestre do ano 2024), obtido do programa contable municipal, inferior ao establecido na normativa sobre morosidade, polo que se cumpre a sostibilidade da débeda comercial.

3.5. Conclusións

O Concello de Touro cumpre os obxectivos da LOEPSF de sostibilidade financiera e da débeda comercial, e incumpre os obxectivos da LOEPSF de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto.

4. DIAGNOSE DA SITUACIÓN ACTUAL DA SITUACIÓN ECONÓMICO FINANCEIRA DO CONCELLO.

INGRESOS (DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS)					***GASTOS (OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS)***				
Cap	***Denominación***	***DRN 2022***	***DRN 2023***	***DRN 2024***	***Cap***	***Denominación***	***ORN 2022***	***ORN 2023***	***ORN 2024***
1	*Impostos directos*	*781.021,99*	*809.237,34*	*816.261,55*	*1*	*Gastos de persoal*	*767.252,80*	*662.612,60*	*711.556,74*
2	*Impostos indirectos*	*17.953,90*	*12.601,93*	*60.914,98*	*2*	*Gastos correntes en bens e servizos*	*1.748.048,66*	*1.789.329,01*	*1.854.288,43*
3	*Taxas e outros ingresos*	*227.751,50*	*239.722,83*	*229.498,24*	*3*	*Taxas e outros ingresos*	*399,50*	*393,92*	*272,99*
4	*Transferencias correntes*	*1.890.605,09*	*2.215.458,12*	*1.902.184,99*	*4*	*Transferencias correntes*	*108.085,34*	*115.505,66*	*109.535,67*
5	*Ingresos patrimoniais*	*0,00*	*0,00*	*49.552,42*	*5*	*Ingresos patrimoniais*	*0,00*	*0,00*	*0,00*
6	*Enaxenación inves*	*0,00*	*0,00*	*0,00*	*6*	*Investimentos reais*	*928.420,56*	*864.469,99*	*1.945.190,67*
7	*Transferencias de capital*	*698.072,09*	*305.581,80*	*187.524,32*	*7*	*Transferencias de capital*	*0,00*	*0,00*	*0,00*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		3.615,404.57	***3.582.602,02***	***3.245.936,50***			***3.552.206,86***	***3.432.311,18***	***4.620.844,50***

RESULTADO ORZAMENTARIO	***2022***	***2023***	***2024***
Dereitos recoñecidos netos	*3.710,976,82*	*3.582.602,02*	*3.245.936,50*
Obrigas recoñecidas netas	*3.552.206,86*	*3.432.311,18*	*4.666.000,62*
Resultado orzamentario	*158.769,96*	*150.290,84*	*-1.420.064,12*
Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	*16.402,04*	*104.341,79*	*949.502,72*
Desviacións de financiación negativas do exercicio	*168.440,53*	*148.833,30*	*936.004,44*
Desviacións de financiación positivas do exercicio	*91.094,12*	*149.627,90*	*61.158,96*
Resultado orzamentario axustado	***252.518,41***	***253.838,03***	***404.284,08***

O resultado orzamentario relaciona, de xeito global, os gastos e os ingresos permitindo concluir ata qué punto estes se materializaron en recursos para financiar a actividade municipal do exercicio económico. Un resultado orzamentario positivo pon de manifesto que se orzamentou correctamente e que os orzamentos foron executados consonte as previsións.

REMANENTE DE TESOURARÍA	***2022***	***2023***	***2024***
Fondos líquidos	*3.439.413,25*	*3.696.397,26*	*2.600.002,38*
Dereitos pendentes de cobro	*0,00*	*148,79*	*495,33*
Obrigas pendentes de pago	*32.615,97*	*139.457,90*	*331.257,66*
Cobros realizados pendentes de aplicación	*-86.619,12*	*-86.619,12*	*-86.619,12*
Pagos realizados pendentes de aplicación	*0,00*	*0,00*	*0,00*
Remanente de Tesouraría total	*3.320.178,16*	*3.470.469,90*	*2.050.404,88*
Saldos de dubidoso cobro	*0,00*	*0,00*	*37,19*
Exceso de finazamento afectado	*0,00*	*40.263,25*	*7.533,10*
Remanente de tesouraría para gastos xerais	***3.320.178,16***	***3.430.205,75***	***2.042.834,59***

O Remanente de tesourería reflexa a situación de liquidez da entidade ao peche do exercicio, que se atopa dispoñible para financiar gastos, resultando un indicador moi importante para valorar a solvencia financieira a curto prazo da Entidade local, constitúe unha variable esencial para coñecer a situación financeira dunha administración pública a curto prazo.

AFORRO BRUTO	***2024***
DEREITOS RECOÑECIDOS CAP. 1 A 5	*3.058.412,18*
OBRIGAS RECOÑECIDAS CAP. 1, 2 E 4	*2.675.380,84*
AXUSTES OBRIGAS FINANCIADAS CON RLT CAP 1, 2 E 4	*282.093,42*
AFORRO BRUTO	***665.124,76***

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

AFORRO NETO	***2024***
AFORRO BRUTO	*665.124,76*
ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN	*135.017,93*
AVAIS A TERCEIROS PENDENTES DE REEMBOLSAR	
AFORRO NETO	***530.106,83***

A ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN, fai referencia a cantidade destinada a reducir a débeda coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans provinciais Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023, que foi fixada pola Deputación da Coruña para o ano 2025.

O aforro bruto indica a capacidade inversora municipal (ven determinada polos recursos de capital non financieiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes) e o aforro neto amosa a capacidade xerada ao longo da execución orzamentaria para facer fronte, con recursos ordinarios, aos gastos correntes e á carga financeira.

Estes parámetros poñen de manifesto a situación económica do Concello, dan unha imaxe do saneamento xeral da entidade e contribúen a acreditar que, mentres se manteñan estas circunstancias e os criterios xerais de racionalidade do gasto, non se porá en risco o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública recollidos nas proxeccións de débeda e capacidade de financiamento para os vindeiros anos, incluidos no último marco orzamentario aprobado.

5. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO.

Da análise do valor que presenta o indicador do Remanente de Tesourería, podemos concluír que o Concello de Touro presenta unha situación económico financeira equilibrada a nivel orzamentario, cun resultado orzamentario de 404.424,08 €, observándose uns fondos líquidos de 2.600.002,38 € que, unha vez realizados os axustes pertinentes, lanza un Remanente de Tesourería para Gastos Xerais Axustado de 2.042.834,59 ao 31 de decembro de 2024.

Pese as magnitudes referidas anteriormente, o Concello de Touro liquidou o exercicio 2024 incumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de regla de gasto.

En consecuencia, esta Entidade Local debe formular un Plan Económico-Financeiro (PEF) de conformidade co establecido nos artigos 21 e 23 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e no artigo 9 da Orde 2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica, 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Para a realización deste PEF, é importante analizar as ***causas que levan ao incumprimento destes obxectivos,*** *para o que debemos ter en conta principalmente as seguintes consideracións:*

As causas deste incumprimento da estabilidade orzamentaria débense a dúas causas:

5.1.- *Por un banda hai que ter en conta que o capítulo 6 gastos relativo a investimentos reais ascendeu a 1.945.190,67 € e o capítuo 7 de ingresos referente ás transferencias de capital ascendeu a 187.524,32 €. Tendo en conta os investimentos reais financiados por outras administracións, significa que se recoñececeron as obrigas (gasto) pero non chegaron os ingresos á fase de dereitos recoñecidos xa que como establece a normativa aplicable o doble recoñecemento do ingreso económico e presupuestario vincúlase co cobro da transferencia/subvención ou co recoñecemento da obriga por parte do concedente; tal e como se reflicte a continuación:*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

INVESTIMENTO	*IMPORTE OBRIGAS RECOÑECIDAS*	*IMPORTE SUBVENCIONADO*	*DEREITOS RECOÑECIDOS*	*ADMINISTRACIÓN FINANCIADORA*
Pavimentación accesos a Abelenda (POS+ 2022)	*49.000,00 €*	*49.000,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
Mellora da seguridade viaria de Sartes a Calvos de Arriba e outros. (POS+ 2022).	*47.420,00 €*	*47.420,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
Mellora do viario de límite municipal en Corneda a Quintás por Sanguñedo e outros (POS+ 2022)	*47.954,72 €*	*47.954,72 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
Pavimentación de viario en Vilar de Calvos e outros (POS Adicional 2/2022)	*234.020,00 €*	*234.020,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
"Pavimentación do viario de Mince a Foxás", incluída no POS ADICIONAL 2/2022.	*94.650,00 €*	*94.650,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
"Pavimentación do viario de Cruz de Méndez a Louradela", incluída no POS ADICIONAL 2/2022.	*40.420,00 €*	*40.420,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
"Mellora do acceso a cemiterio dende a Silva", incluída no POS ADICIONAL 2/2022.	*63.120,00 €*	*63.120,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
"Mellora do viario de Torreis de Arriba", incluída no POS ADICIONAL 2/2022.	*34.720,01 €*	*34.720,01 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
"Mellora de viario nas Quintás", incluída no POS+ 2023.	*58.420,00 €*	*58.420,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
"Mellora de viario de Grixó a Obra e outros", incluída no POS+ 2023.	*68.620,00 €*	*68.620,00 €*	*0,00 €*	*DEPUTACIÓN*
Acondicionamento do Punto de Atención Turística	*45.881,80 €*	*26.422,22 €*	*0,00 €*	*XUNTA DE GALICIA*
Subministro de contedores para punto limpo fixo.	*44.529,21 €*	*27.532,70 €*	*0,00 €*	*XUNTA DE GALICIA*
Obras de minimización das perdas de auga na rede de abastecemento	*96.620,00 €*	*45.000,00 €*	*0,00 €*	*XUNTA DE GALICIA*
Auditoría das redes de saneamento para a detección de infiltracións	*13.303,95 €*	*10.027,44 €*	*0,00 €*	*XUNTA DE GALICIA*
TOTAL	***938.679,69 €***	***847.237,09 €***	***0,00 €***	

5.2.- *Que durante o exercicio económico de 2024, aprobáronse modificacións de crédito, utilizando o remanente líquido de tesourería tanto o remanente afectado (incorporación de remanentes), obrigados á súa incorporación por lei por importe de* ***40.263,25 €*** *coma o remanente líquido de tesouraría para gastos xerais (incorporación de remanentes e suplemento de crédito) por importe de* ***909.239,47 €****, dos cales 627.146,05 € foron destinados a investimentos.*

A utilización no exercicio 2024, do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais incidiu negativamente no cumprimento da regra de gasto. Dado que o seu emprego ascendeu a 949.502,72 euros, de poder minorar a súa contía sobre o gasto computable de 2024 e sobre as obrigas recoñecidas netas, cumpriríamos tanto regra de gasto como estabilidade orzamentaria.

Polo que se pode considerar acreditado que a causa do incumprimento da regra de gasto na liquidación de 2024 é unha porcentaxe de execución do orzamento axustada á realidade do Concello de Touro, tendo en conta os ingresos recadados e o emprego do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais, sobre todo no expediente de incorporación de remanentes, que por outra banda implica á incorporación de gastos comprometidos, contratos adxudicados, sobre os que o Concello ten unha responsabilidade e modificación orzamentaria prevista na Lei reguladora das Facendas Locais.

No relativo á financiación de gastos nun determinado exercicio con Remanente de Tesourería para gastos con financiamento afectado, a IGAE contestou á asociación "COSITAL NETWORK" que A Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local considera que neste caso non procede efectuar ningún axuste na Regra do Gasto, de xeito que os gastos así financiables considéranse gasto computable a tódolos efectos. Tamén considera neste caso, que "El remanente de tesorería, aun cuando se configura contablemente como un activo financiero, su naturaleza se identificaría con el ahorro que genera una entidad local en un ejercicio como consecuencia del desfase entre la ejecución de unos ingresos presupuestarios y las obligaciones reconocidas a las que están afectados

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

de forma tal que ese ahorro habrá de ser utilizado como fuente de financiación de las obligaciones de ejercicios posteriores a aquel en el que se obtuvo.

En consecuencia, no cabe admitir que la utilización del remanente de tesorería afectado por una entidad local sea determinante de una situación de déficit estructural, es más, habría de identificarse con una situación de superávit presupuestario en el momento de la liquidación del presupuesto."

En relación coas medidas a adoptar, na mesma contestación, a Secretaría General de Coordinación Autonómica y Local indica que "Sentada la naturaleza del remanente de tesorería afectado cabe entender que sus efectos sobre la situación económico financiera de una entidad local en nada coinciden con los derivados de otros recursos financieros que exigen un reembolso de las cantidades recibidas y por ello parece lógico que el tipo de medidas a implementar en el plan económico financiero deban acomodarse a la situación descrita." Tamén pon de manifesto que "Sobre la base de lo expuesto, cabe afirmar que la recuperación de los objetivos de estabilidad presupuestaria y, en su caso, de la regla de gasto, incumplidos por la utilización del remanente de tesorería afectado se lograría con la simple aprobación del presupuesto del ejercicio siguiente en situación de equilibrio presupuestario y dentro del límite de variación del gasto computable, sin necesidad de medida estructural alguna dada la naturaleza del remanente de tesorería afectado en el ámbito de la Administración local. En ese contexto, la entidad local deberá elaborar y aprobar un plan económico financiero que se podrá limitar a exponer el origen del desequilibrio en términos de contabilidad nacional y a recoger aquella medida."

Se ben é certo que a contestación indicada se refire ao financiamento de gastos a través de Remanente de tesourería afectado, as apreciacións postas de manifesto anteriormente no relativo a que o Remantente de Tesourería se pode entender como un aforro da entidade, son igualmente predicables do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais. A única diferencia é que a utilización deste remanente é de carácter voluntario, mentres que a incorporación de remanentes para gastos con financiamento afectado é obrigatorio por establecelo así o artigo 47 do RD 500/1990. Pero constitúe a expresión dunha capacidade financiera para atender maiores gastos no exercicio seguinte e carece da natureza de gasto estructural para esta Administración.

***5.3.-** Respecto das causas do incumprimento da estabilidade orzamentaria débense ademais do manifestado anteriormente en relación coa incorporación de remanentes, ás seguintes:*

- No ano 2024 produciuse un aumento anómalo das obrigas recoñecidas por investimentos reais en comparación con 2023. Ao respecto, estamos ante un incumprimento de natureza de capital.

Cap	Denominación	ORN 2023	ORN 2024	DIFERENZA
1	Gastos de persoal	662.612,60	711.556,74	48.944,14
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.789.329,01	1.854.288,43	64.959,42
3	Taxas e outros ingresos	393,92	272,99	-119,93
4	Transferencias correntes	115.505,66	109.535,67	-5.969,99
5	Ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00
	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	**2.567.841,19**	**2.675.653,83**	**107.812,64**
6	Investimentos reais	864.469,99	1.945.190,67	1.080.720,68
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	
	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	**864.469,99**	**1.945.190,67**	**1.080.720,68**
9	Pasivos financeiros	0,00	45.156,12	45.156,12
	TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	0,00	45.156,12	45.156,12

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

		3.432.311,18	***4.666.000,62***	***1.233.689,44***

Da análise da información anterior despréndese que a causa que levou a este Concello para incumprir a variable regra de gasto é un incremento de gasto público do 26,44 % sobre todo no capítulo 6 de investimentos reais:

- En relación co gasto de investimento que se reflicte no capítulo 6 do orzamento municipal, prodúcese un incremento no exercicio 2024 do 112% se o comparamos co da liquidación do orzamento de 2023, debido a que se acometeron unha pluralidade de proxectos de investimento, parte dos cales se financiaron con recursos propios e outros estaban financiados con subvencións, pero neles había que realizar unha achega municipal, con cargo a recursos propios.

Anualidade	*Capítulo 6*	*Gasto total*	*Aportación outras adminsitracións*	*Recursos propios*
2024	*Investimentos reais*	*1.945.190,67 €*	*1.028.553,76 €*	*916.636,91 €*

- En canto ao aumento dos gastos de persoal

Denominación	***ORN 2023***	***ORN 2024***	***INCEMENTO***
Gastos de persoal	*662.612,60*	*711.556,74*	*48.944,14*

Representa un 6,88 % respecto do exercicio anterior de todo o persoal ao abeiro da actualización das contías retributivas recollidas na Lei 31/2022, de 23 de deciembro, de orzamentos xerais do estado para 2023, con incremento retributivo do 2 por cento para o ano 2024 previsto no artigo 6 do Real Decreto-lei 4/2024, de 26 de xuño, polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflictos en Ucrania e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social, así como o feito de que o posto de secretaría-intervención non se presta en réxime de acumulación como estivera no ano 2023 durante 9 meses, senón en réxime de propiedade; fundamentalmente.

- En canto ao incremento no capítulo 2 de gasto corrente

Denominación	***ORN 2023***	***ORN 2024***	***INCREMNTO***
Gastos correntes en bens e servizos	*1.789.329,01*	*1.854.288,43*	*64.959,42*

Debemos ter en conta os seguintes incrementos en áreas de gasto relativas a servizos públicos básicos, actuacións de protección e promoción social e política de gasto de educación.

Grupo programa e subprograma	*Obrigas recoñecidas 2023*	*Obrigas recoñecidas 2024*	*Incremento/ Disminución*
Recollida, xestión e tratamento de residuos	*179.465,01 €*	*216.542,89 €*	*37.077,88 €*
Subministro Alumeado público	*300.000,84 €*	*240.207,37 €*	*-57.793,47 €*
Acción social	*191.878,56 €*	*217.240,39 €*	*25.361,83 €*
Asistencia persoas dependentes	*430.515,49 €*	*489.407,46 €*	*58.891,97 €*
Funcionamento centros docentes de ensinanza secundaria	*16.602,78 €*	*32.577,18 €*	*15.974,40 €*
	1.118.462,84 €	*1.195.975,29 €*	*77.512,61 €*

Do anterior resulta que os incrementos das citadas áreas de gasto e políticas de gasto (77.512,61 €) superan o incremento total dos gastos correntes en bens e servizos (64.959,42 €), o que manifesta a contención do gasto noutras áreas e políticas de gasto.

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6. PREVISIÓN TENDENCIAL

A proxección sen adopción de medidas nos exercicios 2025 e 2026 sería a seguinte cos datos obrantes nas dependencias municipais e as modificacións orzamentarias realizadas e estimadas:

EXERCICIO 2025

CÁLCULO CUMPRIMENTO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

ESTIMACIÓN LIQUIDACIÓN EXERCICO 2025

GASTOS 2025

Cap	Denominación	Créditos iniciais	Modificacións (1)	TOTAL
1	Gastos de persoal	787.035,62	3.108,90	790.144,52
2	Gastos correntes bens e servizos	1.742.942,20	176.246,33	1.919.188,53
3	Taxas e outros ingresos	0,00	0,00	0,00
4	Transferencias correntes	111.042,22	0,00	111.042,22
5	Ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00
6	Investimentos reais	270.000,00	1.104.690,04	1.474.690,04
7	Transferencias de capital	0,00	0,00	0,00
TOTAL		**2.911.020,04**	**1.284.045,27**	**4.195.065,31**

- Capítulo 1 gastos de persoal, tendo en conta as contratacións previstas no ano 2025, se ben parte delas son financiadas por outras administracións.

- Capítulo 2 gastos correntes preveuse un incremento do 3,5 %, que foi o incremento experimentado no exercicio 2024.

- Capítulo 4 transferencias correntes realizouse en base a media a media dos tres últimos exercicios executados.

- Capítulo 6 investimentos reais, faise en base as obras licitadas, en execución ou rematadas, así como as que se van a levar a cabo con subvencións xa concedidas máis o importe previsto no orzamento de recursos propios para 2025.

(1). Respecto das modificacións, tómase como referencia o expediente aprobado de modificación de crédito por incorporación de remanentes do exercicio 2024 a 2025.

INGRESOS 2025

Cap	Denominación	Previsións iniciais	Modificacións (1)	TOTAL
1	Impostos directos	816.261,55	0,00	816.261,55
2	Impostos indirectos	30.490,27	0,00	30.490,27
3	Taxas e outros ingresos	232.324,19	0,00	232.324,19
4	Transferencias correntes	1.983.646,28	0,00	1.983.646,28
5	Ingresos patrimoniais	0,00	0,00	0,00
7	Transferencias de capital	100.000,00	1.070.660,91	1.170.660,91
8	Activos financeiros	0,00	213.384,36	213.384,36
TOTAL		**3.162.722,29**	**1.284.045,27**	**4.446.767,56**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Capítulo 1 Impostos directos, a mesma contía que en 2024, por un principio de prudencia.

- Capítulos 2, 3 e 4 relativos a impostos indirectos, taxas e prezos públicos e transferencias correntes realizouse o cálculo facendo a media dos tres últimos exercicios executados.

(1). Respecto das modificacións, tómase como referencia o expediente aprobado de modificación de crédito por incorporación de remanentes do exercicio 2024 a 2025, tendo en conta as subvencións xa ingresadas en 2025 procedentes de gastos recoñecidos en 2024 e referidos no apartado da estabilidade orzamentaria por importe de 847.237,09 €, así como as obras que están en execución ou xa rematadas relativas ao POS 2023 e 2024 que van ser obxecto de xustificación antes do último trimestre do ano e o cobro da subvención producirase no referido ano 2025, xa que os plans provinciais foron postos ao día e as licitacións, execucións e xustificacións preténdense realizar no mesmo exercicio orzamentario.

Das liquidacións dos últimos tres exercicios obtemos a seguinte porcentaxe de execución de gasto relacionando consignacións definitivas e obrigas recoñecidas netas dos gastos non financeiros.

EXERCICIO	*Consignación definitiva (cap 1 a 7)*	*Obrigas recoñecidas netas (cap 1 a 7)*	*Porcentaxe de execución*
2022	*6.226.429,42*	*3.552.206,86*	*57,05*
2023	*5.398.197,03*	*3.432.311,18*	*63,58*
2024	*7.102.347,15*	*4.620.844,50*	*65,06*

A liña da media na porcentaxe de execución dos tres derradeiros exercicios alcanza o 61,90 % e establecendo como marxe na porcentaxe de execución, estimando un 65,90 %, resultante da media dos tres últimos exercicios (61,90 %) máis un 4% que o incrmento medio producido nos tres referidos exercicios anteriores, as obrigas recoñecidas netas do exercicio 2025, daría o seguinte resultado:

GASTOS

EXERCICIO	*Consignación definitiva (Cap 1 a 7)*	*Obrigas recoñecidas netas previstas a 31/12/2025 estimando un 65,90% de execución, cap 1 a 7*
2025	*4.195.065,31*	*2.764.548,04*

Das liquidacións dos últimos tres exercicios obtemos a seguinte porcentaxe de execución de ingreso relacionando previsións definitivas e dereitos recoñecidos netos dos ingresos non financeiros.

EXERCICIO	*Previsión definitiva (cap 1 a 7)*	*Dereitos recoñecidos netos (cap 1 a 7)*	*Porcentaxe de execución*
2022	*4.945.373,56*	*3.621.404,57*	*73,23*
2023	*4.717.398,87*	*3.582.602,02*	*75,94*
2024	*6.555.822,42*	*3.245.936,50*	*49,51*

Polo que seguindo a liña da media na porcentaxe de execución dos tres derradeiros exercicios e establecendo marxe na porcentaxe de execución, estimando un 66,23%, os dereitos recoñecidos netos do exercicio 2025, daría o seguinte resultado

EXERCICIO	*Previsión definitiva (Cap 1 a 7)*	*Dereitos recoñecidas netos previstos a 31/12/2025 estimando un 66,23% de execución, cap 1 a 7*
2025	*4.233.383,20*	*2.803.769,69*

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Polo que:

Estabilidade orzamentaria	***Capítulo 1 a 7 de ingresos***	***Capítulo 1 a 7 de gastos***	***Axustes SEC (3)***	***Necesidade/capacidade de financiación***
2025	*2.803.769,69*	*2.764.548,04*		***39.221,65***

(3) Non se aplican axustes ao non dispoñer de ningún dato fidedigno.

No exercicio de 2025 cumpriríase o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

CÁLCULO CUMPRIMENTO REGRA DE GASTO

1. Empregos non financeiros (Obrig. Rec. Caps. 1 a 7 exercicio 2024)	*4.620.844,50*
2. Intereses da débeda 2024	*0,00*
3. Gasto non financeiro financiado por adm. 2024 e por ingresos afectados	*1.718.496,41*
4. Axustes SEC 2010 (4)	*104.237,72*
5. Total Gasto computable Liquidación 2024	***3.006.585,81***

As taxas de referencia a efectos do cumprimento da regra de gasto será 3,2% para o 2025 e 3,3% para o 2026. Polo que o límite do gasto computable para o 2025 tendo en conta que a taxa de referencia do PIB é do 3,2% para ese exercicio e que debemos partir do gasto computable axustado para o ano 2024, calculado na liquidación de 2024 e reflectido no cadro anterior, esta contía ascende a 3.102.796,56 euros

Llimite gasto computable 2025 = 3.102.796,56 €

Estimación Créditos liquidación orzamento 2025 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	*4.195.065,31*
Estimación Gastos financiados con fondos finalistas	*-1.208.934,85*
Gastos pendentes de aplicar	*0,00*
4. Axustes SEC 2010 (4)	*0,00*
5. Total Gasto computable Liquidación 2025	***2.986.130,46***

A estimación de gastos finalistas, obténse como media dos tres derradeiros exercicios

No ano 2022: 572.141,63

No 2023: 1.336.166,52 euros

No 2024: 1.718.496,41 euros

Diferencia entre o límite da regra de gasto e o gasto computable estimado na liquidación de 2025 ascendería a contía de 116.665,10 euros.

Polo que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto na liquidación do exercicio de 2025.

EXERCICIO 2026

Seguindo a liña do establecido no presente PEF, o límite de gasto computable para o exercicio 2026 ascendería o seguinte importe:

*Estimación limite gasto computable 2026: 2.986.130,46 euros (estimación gasto computable 2025) * 3,3% (taxa de referencia do PIB para o 2026) = 3.084.672,77 euros.*

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Non se efectúan axustes SEC para o 2026, dada a enorme dificultade para o cálculo dos mesmos, tanto no momento da aprobación do orzamento 2026 como ó longo da execución do mesmo, gardaráse a máxima cautela para que ó final do mesmo, se constate o cumprimento deste principio.

Estimando un orzamento para o 2026, no que se incrementa un 2% os gastos de persoal e mantendo o resto de gastos igual:

Estimación Créditos liquidación orzamento 2026 Cap. 1, 2, 4, 6, 7	*4.210.868,20*
Estimación Gastos financiados con fondos finalistas	*-1.208.934,85*
Gastos pendentes de aplicar	*3.001.933,35*

Polo que se cumpriría o obxectivo da regra de gasto para o exercicio 2026.

7. MEDIDAS DO PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025-2026

Debido ás causas que produciron o incumprimento da estabilidade e da regra de gasto na liquidación do exercicio de 2024, analizadas ó longo do presente PEF, non se precisa de medida correctora algunha, tendo este Plan unha natureza explicativa pero non correctiva, xa que as causas do incumprimento non veñen dadas por unha situación de déficit estructural, senón polo emprego do remanente de tesourería empregado para financiar a incorporación de remanentes por gastos pendentes de executar en exercicios anteriores, polo que tendo en conta o límite de gasto computable para o 2025 e as previsións manifestadas nos apartados anteriores, sen necesidade de medida estructural algunha, poderíase corrixir a situación; así como pola diferente contabilización do gasto e do ingreso dos investimentos reais, xa que foron obxecto de recoñecemento da obriga pero non chegaron nos ingresos á fase de dereitos recoñecidos xa que como establece a normativa aplicable o doble recoñecemento do ingreso económico e presupuestario vincúlase co cobro da transferencia/subvención ou co recoñecemento da obriga por parte do concedente.

A pesar disto, esta situación implicará un control e unha vixiancia durante o periodo de vixencia do PEF, sobre a execución do orzamento, comprobando que vai na liña das previsións que levan ó cumprimento das magnitudes, actuación que se realizará co seguimento a través da plataforma da Oficina Virtual de Entidades Locales.

Este control deberá facerse especialmente nas modificacións orzamentarias que se financien con remanente de tesourería para gastos xerais

8. CONCLUSIÓNS

Analizada a situación económica do Concello de Touro, pódese afirmar que a Entidade conta cunha boa situación financiera, Concello saneado e con magnitudes orzamentarias positivas, polo que a xestión dos orzamentos actual e futuros, deberá ter en conta, sobre todo no momento de iniciar a tramitación de expedientes de modificación orzamentaria, que as obrigas que se recoñezan deberán ser compatibles cos límites de gasto non financeiro determinados mediante a aplicación da regra de gasto e asegurar o cumprimento da estabilidade orzamentaria.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo municipal do PP, Sr. Reboredo González di que no pasado pleno solicitabamos se nos informase das causas dos incumprimentos que naquel momento non se deron porque non se tiñan claras ou non se quixeron explicar naquel momento, tiñamos algunhas dudas sobre temas de datos máis técnicos que outro tema, que parte deles se nos aclararon na Comisión Informativa, en canto a xustificación técnica nalgúns casos si ten o seu fundamento, hai que dicir que o tema das subvencións que se cobran neste ano 2025 hai que decir que é un problema de xustificación e execución das obras nos prazos razonables, se non se xustifican ata o mes de decembro é imposible que as administracións concedentes podan facer as transferencias. Fai un inciso, no que di que o Alcalde dixo que hai un Ditame favorable da Comisión informativa, levamos xa moitas comisións informativas onde tanto nos coma o BNG sempre nos reservamos o voto para o Pleno, non ten moito sentido dicir que está ditaminado favorablemente porque o noso non é unha abstención, xa fixen constar ademais que non estamos de acordo coa actual composición das comisións, é unha reserva de voto para o Pleno, parece que na comisión está todo fundamentado e non é certo.

Poñémoslle máis reparos políticos ao Plan que técnicos, un reparo fundamental, non ten sentido facer plans de estabilización se non temos un orzamento municipal, se non hai unha declaración de

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

intencións de sacar adiante o orzamento. É inexplicable e inconcebible que o goberno municipal no ano 2025 siga funcionando co presupuesto do ano 2022, un dos motivos polo que non nos resulta cribles este Plan porque o coste do servizo de axuda a domicilio, só coa actualización que se fixo co novo contrato na adxudicación hai un incremento de 283.000 euros, como o presupuesto está desfasado por completo loxicamente vai a ver que recurrir ao emprego do remanente de tesorería para poder financiar os suplementos de crédito o que volverá a provocar un incumprimento da regla de gasto, máis cento e pico mil no alumeado público e outras cousas que haxa por aí, tendo en conta que tampouco se vai a dispoñer da subvención para gasto corrente do POS, con eso loxicamente non se vai a poder cumprir a regla de gasto no 2025, tamén hai unha perda dunha subvención da Xunta de 41.000 euros que haberá que pagar con cargo a remanente porque supoño que non existía consignación presupuestaria suficiente para esa partida. Porque non nos resulta cribles nas previsións para o exercicio 2025 e2026 e non se ve ningún propósito de emenda, de que hai un plan de execución das obras en prazo, aínda que se fai unha referencia a que a contratación dos POS está actualizada, habería que decirlle a este goberno municipal que cando chegaron ao goberno municipal estaba toda a contratación actualizada, non había ningunha obra pendiente de contratar que se houbera autorizado por parte da Xunta ou da Deputación, non é xustificación iso do retraso na xestión das obras, e que consta no informe de fiscalización de que se iniciou con dez meses de retraso. Como non vemos no Plan unha proposta de medidas políticas, máis políticas que técnicas, sobre como evitar isto no sucesivo, para nós a principal arma para evitar isto é un presupuesto municipal, este só motivo xa é suficiente para opoñernos a aprobación deste Plan, e xa anticipo que imos votar en contra deste Plan.

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Louzao, di que é a primeira vez que no Concello hai que facer un Plan Económico Financeiro por non cumprir as normas establecidas no ano 2012 de estabilidade orzamentaria, gastar máis do que se ingresa en máis de un millón de euros, e non cumprir a regla de gasto que é gastar máis do que se permite tamén nunha cantidade considerable, 855.000 euros. Aceptamos que hai cuestións que derivan de operacións contables no recoñecemento dos ingresos e dos gastos en diferentes anualidades, pero tamén deriva en parte por unha moi mala xestión que se está facendo, iso é unha evidencia, e nós votamos en falta no Plan que iso se recolla como unha medida no Plan, vese ademais na baixa execución dos investimentos ou no descenso do remanente, e outra cuestión importante, a medida clave para nós son os orzamentos, no propio Plan faise referencia a outro Concello, no que se contempla que a mellor medida é elaborar os orzamentos, nas medidas non se fai referencia a necesidade de elaborar uns orzamentos polo menos a medio prazo e nos tememos se iso non se contempla como unha medida, e non se elaboran os orzamentos estamos condenados para os seguintes exercicios a facer novos Plans. Nos ímonos abster por estas cuestións, recoñecer ese problema de xestión e establecer como medida a necesidade de elaborar uns orzamentos.

O Sr. alcalde di que agradece ao portavoz do PP que valore o esforzo que leva facendo este goberno para poñer a execución das obras ao día, dinámicas de de trinta anos de incumprimentos nos prazos das obras, hoxe si podemos dicir que a execución das obras e dos contratos, as actas previas como os inicios das obras e os prazos de execución son dende agora cumpridos e as empresas por primeira vez cando é necesario solicitan prórrogas e o goberno resólveas en base aso informes técnicos; non me pregunta porque no ano 2024 executamos unha obra que viña do ano 2022, non me pregunte porque estaba sen executar. No ano 2024 houbo toda esa acumulación de obras do ano 22 e 23, agora as obras lévanse en prazos, toda a documentación asinada electronicamente, quero pensar que non trinta anos anteriores non se lle poñía a data que conviña, quero pensar que non. Efectivamente introducir esa dinámica no funcionamento despois de trinta anos si que levou o seu traballo.

Falaba dunha subvención de 41.000 euros, a parte que xa estaba cobrada no ano 2023 xa fora devolta polo que non hai ningunha subvención pendente de devolver ou que se cobrara de xeito indebido. O que si houbo foron múltiples devolucións de subvencións de anos precedentes que se cobraran indebidamente, como a ADL e esas cuestións e pode que no ano 2025 sigamos facendo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

devolucións dos exercicios 2021 e 2022.

Fálase dunha baixa execución do orzamento, no ano 22 foi do 57,5 %, no ano 23 foi do 63,54 %, no ano 25 do 65,06 %, é dicir do último exercicio completo do goberno anterior pasouse do 57,5 % ao 65,06 % do primeiro exercicio completo do noso goberno, pero pode haber quen diga que a execución é baixa, sen ser conformistas con isto, a realidade é que a xecución do orzamento medrou en 8 puntos.

Alguén do PP fixo mención que este goberno non solicitaba subvencións, pois miren están recollidos no Plan os gastos finalistas dos tres últimos exercicios, no ano 2022 consta un importe de 572.141 euros, no ano 23 recibíronse 1.336.166 euros e no ano 24 recibíronse 1.718.496 euros, co cal esa apreciación que fixo o PP está bastante errada. Podo dicir seguramente que no ano 2024 tramitáronse e recibíronse o máximo de subvencións que ten recibido este Concello.

En canto ao importe dos investimentos reais, que é da aí de onde ven o incumprimento, os investimentos reais do Concello no ano 2024 foron de 1.945.190 euros, algo máis de un millón máis que non exercicios precedentes.

Na segunda quenda de intervencións, o voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González di que en punto da acta se recolle cun miembro do PP dixo que non se solicitaban subvencións, interpreto que o que nos está na acta non pasou na sesión, de onde saca iso o alcalde.

Que nos diga que a xestión das obras mellorou cando nos propios informes de intervención se recollen o incumprimento de todos os prazos, e non olvide vostede que a súa izquierda ten un teniente alcalde que era teniente alcalde do goberno anterior, que é o Concelleiro de obras, que o director de obra é o mesmo que está traballando con vostedes, das mesmas empresas adxudicatarias, cuidadito con atribuírlle aos demais responsabilidades que non son, se pecaron os anteriores vostedes están cometendo o mesmo pecado.

En canto ao retraso en obras do Plan, como mínimo solicitábase a Deputación as prórrogas para poder executalas en prazo e non perder as subvencións, aproveito para decir que nunca se tramitaron tantas subvencións coma con este goberno, iso é unha falacia, o que non di vostede é canto se incrementaron os fondos do POS nestes tres últimos anos, no me querrá decir vostede que consigue máis subvencións da Xunta de Galicia que conseguía o goberno anterior, xa sería o colmo. Non confundamos e mesturemos os temas.

De todas maneiras, a razón fundamental e que vostede terá que explicar en algún momento porque se nega a tramitar uns presupuestos que ademais está obrigado por lei, hoxe tráenos un plan de estabilización porque o esixe a lei pois igual de obrigado está a presentar un proxecto de presupuestos, eu xa me sospecho porque non lle atopo explicación, ten vostede medo a que lle toquemos o sueldo?, é a pregunta que se me ocurre, porque un 90 % do orzamento está comprometido, pouca decisión podemos tomar aquí os grupos políticos, ten que explicarnos a causa real de porque non se presenta un proxecto de presupuestos en tempo e forma, primeiro para cumprir a normativa e segundo por respeto aos intereses dos veciños do Concello, ese so motivo sería suficiente para que vostede deixase a alcaldía. O goberno anterior era tan malo e vostede pretende gobernar toda a lexislatura cos orzamentos do goberno anterior, ese tema é para nota, aproveitamos para sacar o tema importante que non é o plan de estabilización no que temos máis ou menos claras as causas senón que o Concello está sen orzamento municipal, porque o goberno se nega a tramitalo, non saben siquirera se llo imos aprobar, por iso queremos que nos explique a nós e través de nós ao vecindario cal é a causa. Ese é o motivo principal polo que nós imos dicir non a este Plan, porque non ten sentido.

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao na segunda quenda de palabra di que entende que vostede teña que xustificarse e defenderse, agora ben, que nos de uns datos e estatísticas que se poden interpretar, manipular, reinterpretar e o importante se alguén está escoitando que se quede cun montón de datos e de millóns de euros que iso queda moi ben, pero claro hai que ter moito atrevemento para despois de acabar de perder un plan POS ou de perder unha subvención de 41.000 euros porque non se fixo no seu tempo, fale de cumprimento de prazos e de subvencións. A segunda cuestión, calquera que estea escoitando isto dirá cos datos que acaba de dar o alcalde e a magnífica xestións das subvencións como é posible que se lle obrigue a facer un plan de estabilidade, se se obriga é porque algo que está incorrecto. Debe xustificarse cun pouco de mesura.

O Sr. alcalde di que ten mérito e máis mérito tal como afirma o voceiro do PP que cas mesmas ferramentas, cos mesmos técnicos e coas mesmas empresas este goberno saque as obras en prazos

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

e non como pasou antes, iso aínda ten máis mérito. Efectivamente, entón a diferencia está na xestión.

Respecto do salario do alcalde non lle quita o sono, non llo quitou nos seis meses iniciais que estivo sen cobrar nin llo quita.

O Sr. Reboredo González, di que os cobrou de xeito retroactivo, non engañemos ao personal, que vostede cobrou dende o día 17 de xuño.

O Sr. alcalde di que xa vexo que é a única ferramenta que teñen, crían daquela que o alcalde ía estar dous días e agora é a mesma ferramenta, non e para nada a causa de non presentar o orzamento, pretendeu chegar a alcaldía pola vía do POS, se o alcalde dimitía, entón aprobaba o POS a obras dábanlle igual.

Respecto ao incumprimento da Lei Montoro o que non me esperaba do BNG é esa defensa da Lei Montoro.

O voceiro do BNG, di que non minta, que el non defendeu a Lei Montoro.

O Sr. alcalde di que precisamente eses incumprimentos e pegas da Lei para Concellos que están economicamente saneados, como é o caso de Touro, que non podiamos e non podemos utilizar o remanente sen incorrer en incumprimentos, que faga unha defensa así sorprende.

O Sr. Louzao di que cando non ten turno de réplica nótase.

O Sr. alcalde di que está claro que entenderon perfectamente cal é a situación e as causas e motivacións dos incumprimentos, caéuselle o argumento do Pleno anterior de que se faltaban máis de un millón de euros na caixa, pois traen a escusa do orzamento, porque non é certo que o Concello non teña orzamento no 2025, ten un orzamento prorrogado do PP é capaz de gobernar moito mellor coas ferramentas do PP, tal como lle expliquei. Fabrican escusas para votar en contra, o non polo non, é o seu posicionamento, aforraban o discurso se o expresaran así tal cual; imos votar o non polo non porque efectivamente é así.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación da proposta de aprobación do Plan Económico Financeiro, que resultou rexeitado por seis votos en contra (5 concelleiros do PP e o Concelleiro non adscrito), catro votos a favor (3 concelleiros de MVXTe o Concelleiro do PG) e a abstención do Concelleiro do BNG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

II PARTE DE CONTROL

3 EXPEDIENTE 2025/G006/000138. Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de maio e o 8 de xuño de 2025 Toma de razón.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de maio e o 8 de xuño de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 5 de maio e o 8 de xuño de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000130	EXPEDIENTE 2025/X999/000035. Aprobación nóminas abril 2025.	132/2025	05-05-2025
2025/G003/000135	EXPEDIENTE 2025/G010/000007. Pleno sesión ordinaria 8 de maio de 2025. Convocatoria.	133/2025	05-05-2025
2025/G003/000134	EXPEDIENTE 2025/S002/000026. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	134/2025	05-05-2025
2025/G003/000136	EXPEDIENTE 2025/S002/000027. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	135/2025	05-05-2025
2025/G003/000137	EXPEDIENTE 2025/G003/000137. Liquidación copago usuarios SAF abril.	136/2025	05-05-2025
2025/G003/000139	EXPEDIENTE 2025/S002/000029. Alta Servizo Axuda no Fogar dependencia	137/2025	06-05-2025
2025/G003/000138	EXPEDIENTE 2025/S002/000028. Baixa Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia	138/2025	06-05-2025
2025/G003/000140	EXPEDIENTE: 2025/E001/000004. Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025". Aprobación Bases e convocatoria.	139/2025	07-05-2025
2025/G003/000143	EXPEDIENTE 2025/S010/000002. Baixa de Teleasistencia	140/2025	07-05-2025
2025/G003/000142	EXPEDIENTE 2025/S002/000030. Alta Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia	141/2025	07-05-2025
2025/G003/000141	EXPEDIENTE 2025/S010/000001. Baixa de Teleasistencia	142/2025	07-05-2025
2025/G003/000144	EXPEDIENTE 2025/A008/000032. Solicitude para o uso de instalacións xuvenís para a realización de programas de lecer educativo e tempo libre durante a campaña de verán 2025 (Xunta de Galicia).	143/2025	07-05-2025
2025/G003/000146	EXPEDIENTE 2025/S001/000002. Solicitude programa Xantar na Casa.	144/2025	08-05-2025
2025/G003/000147	EXPEDIENTE 2025/V006/000008. Solicitude de tarxetas de accesibilidade e estacionamento para persoas con discapacidade.	145/2025	08-05-2025
2025/G003/000145	EXPEDIENTE 2024/C008/000002. Resolución recurso de reposición contra o decreto da Alcaldía número 48/2025, polo que se estiman parcialmente as alegacións presentadas no "EXPEDIENTE 2024/C008/000002. Indemnización de danos e prexuízos por incumprimento de contrato".	146/2025	09-05-2025
2025/G003/000149	EXPEDIENTE 2025/G003/000149. Decreto pago taxas por solicitude de autorización de verteduras de augas residuais, correspondentes aos proxectos "Tratamento de augas residuais de a Obra" e "Tratamento de augas residuais de Abelenda". Obras POS ADICIONAL 2/2024.	147/2025	12-05-2025
2025/G003/000151	EXPEDIENTE 2025/Q002/000002. Procedemento de revisión de oficio iniciado a instancia de José Manuel Fernández Vázquez. Solicitude ao Consello Consultivo de Galicia da emisión de Ditame preceptivo e vinculante en relación co expediente de revisión de oficio dos actos administrativos en materia de participación do Concello no POS 2025.pdf	148/2025	14-05-2025
2025/G003/000153	EXPEDIENTE 2025/S002/000032. Baixa servizo de axuda no fogar por dependencia.	149/2025	15-05-2025
2025/G003/000152	EXPEDIENTE 2025/S002/000031. Baixa servizo de axuda no fogar por dependencia.	150/2025	15-05-2025
2025/G003/000150	EXPEDIENTE 2025/T002/000005. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención APROL RURAL 2025.	151/2025	16-05-2025
2025/G003/000154	EXPEDIENTE 2025/E001/000005. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL Rural) 2025. Resolución de Alcaldía aprobación das bases e convocatoria do proceso de selección.	152/2025	16-05-2025
2025/G003/000157	EXPEDIENTE 2025/S002/000033. Modificación servizo de axuda no fogar por dependencia.	153/2025	16-05-2025

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000155	EXPEDIENTE 2025/S002/000033. Modificación servizo de axuda no fogar por dependencia.	154/2025	15-05-2025
2025/G003/000148	EXPEDIENTE 2025/E001/000003. Proceso selectivo dunha persoa tractoristas ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025. Lista de admitidos e excluídos, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	155/2025	16-05-2025
2025/G003/000156	EXPEDIENTE 2025/T002/000006. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos Subvención Fondo de compensación ambiental liña non competitiva e corrección de impactos paisaxísticos.	156/2025	19-05-2025
2025/G003/000158	EXPEDIENTE 2025/G003/000158. Pago xuros de demora modelo 111 IRPF 4ºT/2024.	157/2025	19-05-2025
2025/G003/000159	EXPEDIENTE 2025/E001/000006. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025.	158/2025	20-05-2025
2025/G003/000160	EXPEDIENTE 2025/G003/000149. Decreto pago taxas por solicitude de autorización de verteduras de augas residuais, correspondente ao proxecto Sistema de saneamento autónoma en A Quintá (Quión).	159/2025	20-05-2025
2025/G003/000161	EXPEDIENTE 2025/G003/000161. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de maio 2025)	160/2025	21-05-2025
2025/G003/000162	EXPEDIENTE 2025/G003/000162. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de maio de 2025	161/2025	21-05-2025
2025/G003/000163	EXPEDIENTE 2025/G003/000163. Horas extraordinarias realizadas fora da xornada laboral maio 2025.	162/2025	21-05-2025
2025/G003/000164	EXPEDIENTE 2025/G007/000006. Xunta de Goberno Local. Sesión extraordinaria do 26 de maio de 2025	163/2025	23-05-2025
2025/G003/000166	EXPEDIENTE 2025/S002/000036 Modificación de Servizo Axuda no Fogar	164/2025	23-05-2025
2025/G003/000165	EXPEDIENTE 2025/S002/000035. Baixa Servizo Axuda no Fogar	165/2025	23-05-2025
2025/G003/000167	EXPEDIENTE: 2025/E001/000004 Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025". Lista provisional de persoas admitidas e excluídas.	166/2025	26-05-2025
2025/G003/000168	EXPEDIENTE 2025/E001/000002. Proceso de selección para a contratación de persoal dun/ha técnico/a informador/a turístico/a.Formalización contrato e constitución bolsa de traballo.	167/2025	26-05-2025
2025/G003/000169	EXPEDIENTE 2025/E001/000003. Proceso de selección dunha persoa tractorista ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2025. Formalización contrato e constitución bolsa de traballo.	168/2025	26-05-2025
2025/G003/000170	EXPEDIENTE 2025/S002/000037. Baixa de Servizo Axuda no Fogar dependencia.	169/2025	27-05-2025
2025/G003/000171	EXPEDIENTE 2025/T002/000007. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Plan Camiña rural para o período 2025-2026.	170/2025	28-05-2025
2025/G003/000172	EXPEDIENTE 2025/T002/000008. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos subvención destinada á instalación de sistemas de depuración autónomos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.	171/2025	28-05-2025
2025/G003/000173	EXPEDIENTE 2025/X999/000045.	172/2025	29-05-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	Aprobación nóminas maio 2025.		
2025/G003/000174	EXPEDIENTE: 2025/E001/000004 Selección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025". Lista definitiva de admitidos e excluídos, nomeamento tribunal e fixación data valoración concurso	173/2025	29-05-2025
2025/G003/000176	EXPEDIENTE 2025/A008/000033. Orde do 12 de marzo de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión do distintivo Bandeira verde de Galicia e se realiza a súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MT401A). Solicitude.	174/2025	29-05-2025
2025/G003/000175	EXPEDIENTE 2025/G012/000002. Comisión informativa de facenda e especial de contas. Sesión ordinaria do 3 de xuño de 2025. Convocatoria.	175/2025	29-05-2025
2025/G003/000177	EXPEDIENTE 2025/A008/000034. Resolución do 16 de abril de 2025 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 10 de abril de 2025, polo que se aproban as bases reguladoras das axudas para a execución de operacións en apoio de terceiras persoas que se tramiten ao abeiro da Intervención Leader, cofinanciadas co Feader no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC), e se anuncia a convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento MR701L). Solicitude de subvención.	176/2025	29-05-2025
2025/G003/000178	EXPEDIENTE 2025/T002/000009. Modificación de créditos xeración de créditos por ingresos, subvención mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.	177/2025	02-06-2025
2025/G003/000180	EXPEDIENTE 2025/X999/000043. Procedemento sancionador por presunto incumprimento da Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Incoación procedemento.	178/2025	03-06-2025
2025/G003/000181	EXPEDIENTE 2025/G003/000181 Anulación recibos taxa recollida de lixo exercicios 2018, 2019, 2020, 2022, 2023 e 2024. Número fixo 253000556550.	179/2025	03-06-2025
2025/G003/000179	EXPEDIENTE 2025/A008/000035. POS ADICIONAL 2/2025 Para investimentos finaceiramente sostibles.	180/2025	03-06-2025
2025/G003/000182	EXPEDIENTE 2025/G003/000182. Alta recibos taxa recollida de lixo exercicios, 2022, 2023 e 2024 por novo titular.	181/2025	03-06-2025
2025/G003/000184	EXPEDIENTE 2025/V006/000009. Renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade.	182/2025	04-06-2025
2025/G003/000183	EXPEDIENTE 2025/G003/000183. Liquidacións Deputación Provincial correspondente a outras taxas relativas ao Consorcio contraincendios e salvamento da Coruña, por intervencións e liquidación taxa publicación anuncio BOP	183/2025	05-06-2025
2025/G003/000186	EXPEDIENTE 2024/C003/000017. "Pista de pádel en Fonte Díaz". Denegación prórroga.	184/2025	05-06-2025
2025/G003/000185	EXPEDIENTE 2025/G003/000183. Aprobación copagamento servizo axuda no fogar mes de maio de 2025	185/2025	05-06-2025
2025/G003/000188	EXPEDIENTE 2025/T002/000010. Modificación de créditos: xeración de créditos por ingresos. Subvención Programa do Plan Corresponsables e "Diversidade e Igualdade: rompendo barreiras".	186/2025	05-06-2025
2025/G003/000195	EXPEDIENTE 2025/S002/000042. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	187/2025	06-06-2025
2025/G003/000194	EXPEDIENTE 2025/S002/000041. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	188/2025	06-06-2025
2025/G003/000193	EXPEDIENTE 2025/S002/000040. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	189/2025	06-06-2025
2025/G003/000192	EXPEDIENTE 2025/S002/000039. Achega de documentación solicitada para revisión de SAF .	190/2025	06-06-2025
2025/G003/000190	EXPEDIENTE 2025/S002/000038. Solicitude de baixa na listaxe de agarda de axuda no fogar de dependencia sen asignación de horas de servizo.	191/2025	06-06-2025
2025/G003/000198	EXPEDIENTE 2025/E001/000004. Sleección de persoal laboral temporal, mediante concurso, dun/ha traballador/a social. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025". Formalización do contrato.	192/2025	06-06-2025

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2025/G003/000196	EXPEDIENTE 2025/S003/000001. Solicitude de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	193/2025	06-06-2025
2025/G003/000199	EXPEDIENTE 2025/S003/000002. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	194/2025	06-06-2025
2025/G003/000200	EXPEDIENTE 2025/T002/000011. Modificación de créditos xeración de créditos por ingresos, subvención para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático en espazos urbanos e periurbanos.	195/2025	06-06-2025
2025/G003/000203	EXPEDIENTE 2025/S002/000043. Alta Servizo Axuda no Fogar dependencia	196/2025	06-06-2025
2025/G003/000202	EXPEDIENTE 2025/S003/000003. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	197/2025	06-06-2025
2025/G003/000201	EXPEDIENTE 2025/S003/000004. Solicitude renovación de praza no Punto de atención á Infancia (PAI).	198/2025	06-06-2025

O voceiro do BNG, Xoan Louzao, di que os Decretos 161 e 162 están repetidos na documentación que se achegou, di que enviou un dúas veces e falta un.

O secretario-interventor pide desculpas.

O pleno dase por enterado.

4. MOCIÓNS.

4.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ESTUDO DA REVISIÓN DO PXOM.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción, manifestando que é unha demanda que hai nalgunhas partes do Concello e a necesidade de facer un estudo sobre a necesidade ou non de se é necesario proceder a unha modificación puntual do PXOM no que se refire á clasificación dos usos do solo, co seguinte contido:

O Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) que establece, entre outras cuestións, a clasificación e os usos do solo foi aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestrutura en data 09/02/2010.

No PXOM do concello de Touro, polo seu carácter rural, a parte do solo que ten a clasificación de solo rústico de protección forestal achégase ao 50 % do total (o 46,8%) mentres que o solo rústico de protección agropecuaria representa a cuarta parte (o 25,2%).

Sen entrar en consideración sobre o que representan estes dous usos en total, sería convinte analizar se, territorialmente, esta clasificación se axeita as necesidades que hoxe ten o noso concello.

Despois de 15 anos de vixencia do plan consideramos que sería necesario facer un estudo sobre se a clasificación destes usos do solo se adaptan, a día de hoxe, ás necesidades de cada parroquia para, de ser o caso proceder a unha revisión e modificación do PXOM que contemple estas novas necesidades.

En concreto, esta revisión debería empezar polo que se refire á clasificación do solo rústico en agropecuario ou forestal especialmente en aquelas parroquias con maior vocación agrogandeira.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguinte

ACORDO:

1. O concello de Touro realizará un estudo sobre a necesidade da revisión do PXOM e, en concreto, principalmente, no que se refire a clasificación dos usos do solo en solo rústico de protección agropecuaria e protección forestal para, de ser o caso, proceder a unha modificación puntual do mesmo e adpatalo ás necesidades actuais naquelas parroquias onde sexa necesario.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que en principio parécenos acertada, pouco concreta, e de facer ese estudio deberíase de non ceñirse a cousas puntuais da clasificación do solo, porque hai problemas coñecidos derivados do PXOM, e a maneira de detectalos sería facer unha especie de información entre o vecindario, e en base a eso posteriormente estudar cales son viables, hai erros vinculados a erros do PXOM dos concellos de O Pino, Boqueixón e Arzúa, na parroquia de Beseño hai terreos que están for a do PXOM como se fosen propiedade do Concello de Arzúa, hai casos en Bama, en Grixó; outro problema é o do suelo non urbanizable non programado, ese solo non é viable porque obrigaría aos propietarios a promovelo todos en conxunto e habería que estudar a posible modificación desa clasificación do solo, e tamén as de especial protección forestal e agropecuario naqueles casos que foran evidentes e incluso nalgunhas delimitacións de núcleo habería que concretar cousas. Recoñezo que é un tema moi amplo, nós somos favorables a que se faga ese estudo, en base a un enquisa coa poboación, porque hai moita xente que non se enterou como lle quedaba clasificada a propiedade, na medida en que se podan corrixir ese temas para nós sería bo e estamos de acordo coa proposta.

O concelleiro non adscrito Darío Rey di que comparte o sentido da Moción.

O Sr. alcalde di que o goberno a groso modo xa a ten analizada, efectivamente o Plan Xeral ten moitísimos problemas de discordancia entre os usos reais do solo que son factibles e a súa clasificación no PXOM, esta cuestión Movemento Veciñal levábao no programa electoral, os usos en rústico choca coa Lei de Incendios, hai moitísimo terreo de uso forestal nas faixas secundarias que logo na práctica en base á Lei de Incendios non se pode facer uso forestal, o que pasa e que agora mesmo xogamos con outra ferramenta que é o Plan Básico Autonómico de feito temos un Plan Xeral que non está adaptado ao Plan Básico Autonómico e aos efectos dos usos do solo agora mesmo o PXOM non serve para nada porque o que prevalece é o Plan Básico Autonómico, nese senso estamos nun período compricado porque a Xunta e Medio Rural non sabe como aplicar o Plan Básico Autonómico, este di que todos os terreos de concentración parcelaria son agrarios salvo as concentracións parcelarias de monte, dase case que non Concello hai distintas concentracións parcelarias que foron fundamentalmente de monte, incluso leva a denominación de concentración de monte, sen embargo, o PBA clasificouno todo como terreo agrario, a única concentración que non foi incluída é a de Vilar, á de monte me refiro, está como uso forestal, as demais están incluídas no PBA como terreos agrarios. Fíxose unha consulta a Medio Rural e estase á espera de resposta, pero non saben como aplicar a Lei de Montes ao Plan Básico Autonómico nestas circunstancias, falamos do monte de Prevediños, de Bama, de Loxo-Enquerentes-Fonte Rosas-Ribeira; xa sen entrar nas outras concentracións previas que foron de labradío. Eu entendo que entra en contradición coa vocación produtiva e incluso dende a perspectiva de conservación ambiental que debería ter a clasificación do solo. Acometer agora unha actualización do PXOM conlevaría converter o Plan Básico Autonómico en PXOM e para iso xa temos o PBA, continuaremos traballando e vendo que posibilidades hai de facer unha modificación na vocación da Moción.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG, di que trouxo esta Moción para abrir máis ben o debate, falei das clasificacións do solo de protección agropecuaria e protección forestal, porque son demandas concretas, a Moción vai na liña de realizar un estudo para saber cales son as necesidades.

O sr. alcalde di que están pendentes de Arzúa, porque sobre o ano 2021 tentou facer unha modificación nesta liña, no rústico do Plan Xeral, a espera de ver o que sucede.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción resultando aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (cinco Concelleiros do PP, tres concelleiros de MVXT, o Concelleiro do PG, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

Por urxencia foi presentada unha Moción polo Grupo Municipal do Partido Popular, procedéndose á votación da urxencia, sendo ratificada a urxencia pola unanimidade dos once Concelleiros que conforma a Corporación.

O Sr. alcalde di que incluímos a Moción na orde do Día.

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A EXPLICACIÓN E XUSTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 180/2025, POLA QUE SE APROBA A PARTICIPACIÓN NO POS ADICIONAL 2/2025.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción, co seguinte tenor literal:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xunto coa convocatoria da sesión ordinaria do pleno do 12 de xuño de 2025, remitiuse o decreto de aprobación da participación do Concello na primeira fase do POS ADICIONAL 2/2025, ditado pola Alcaldía o día 3 de xuño de 2025.

No citado Plan adicional 2/2025 asígnase ao Concello a cantidade de 270.221,53 euros, que unicamente poderá destinarse ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2025 ou ben a outros novos investimentos financeiramente sostibles.

A Deputación Provincial, por acordo plenario do 30/05/2025, non aprobou a participación do Concello no POS+ 2025 porque o acordo non fora aprobado polo pleno municipal, coa perda dos fondos asignados no citado plan base por importe de 753.250 euros.

Con esta resolución o señor Alcalde pretende ignorar de novo as bases reguladoras do POS+ 2025, atribuíndose a competencia para solicitar a participación nesta primeira fase do POS Adicional 2/2025 incluíndo unha obra do suposto Plan complementario aprobado por resolución da Alcaldía do 7/02/2025, que carece de toda validez, como confirma a Deputación Provincial ao excluír ao Concello de Touro da participación no POS+ 2025 Base.

A resolución nº 180/2025 foi ditada o día 3 de xuño en curso, ao día seguinte de visita institucional do Presidente da Deputación ao Concello, quen presentou coma un dos obxectivos da súa visita a mediación entre os grupos municipais para evitar tamén a perda dos fondos do plan adicional, tal como consta na nota de prensa publicada pola propia Deputación, onde explican con toda claridade que o Concello só pode participar na segunda fase do plan adicional, mediante a aprobación polo pleno de novos investimentos financeiramente sostibles.

En base a estes antecedentes, formulamos a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1.º- Que polo señor Alcalde se explique cales son os verdadeiros obxectivos desta resolución, porque sabe perfectamente que carece de toda validez para tramitar a participación no POS Adicional 2/2025.

2.º- Que o señor Alcalde explique se con este decreto pretende facer unha emenda a totalidade da proposta de mediación do Presidente da Deputación para sacar adiante o Plan adicional, porque con esta resolución deixa claro que non ten a máis mínima intención de acordar os investimentos a incluír no citado plan, condenando de novo ao Concello a perder os 270.221,53 euros asignados, que sumados aos 753.250 euros do plan base, suporían a perda de 1.023.471,53 euros, causando un gravísimo prexuízo aos veciños do municipio.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González di que lle parece unha tomadura de pelo que vostede dite esa Resolución aprobando o POS Adicional, ao día seguinte de que estivera aquí o Presidente dea Deputación deixando clarísimo que a única maneira de non perder os fondos do POS Adicional era un acordo entre os grupos municipais, aprobar en Pleno ese tema e deixa clara na nota de prensa na segunda fase deste POS Adicional, non cabe a posibilidade de aprobar un Plan Complementario se non se aprobou un Plan Base. Creo que nos debería caer a cara de vergonza a todos os membros da Corporación para explicarlle aos veciños porque se perderon 753.000 euros e non pasa nada, por un santo capricho do goberno municipal de querer impoñer o seu criterio en contra dun acordo aprobado por maioría que vostedes mesmos non se atreveron a votar en contra, e por suposto tampouco

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

intentaron modificalo pola vía da negociación. Traemos isto aquí porque supoñía que no turno de dación de conta de decretos non nos ía permitir pedir estas explicacións, non se me ocurre cal pode ser a explicación de porque se aproba este tema, gustaríame saber que lle parece ao presidente da Deputación que lle parece esta emenda a totalidade ao tema da súa mediación que ademais consta por escrito na nota de prensa, vamos a darlle unha marxe ao sr. alcalde para ver se realmente nos quere explicar os fundamentos legais, políticos e de oportunidade de aprobar este Decreto.

O Sr. Xoan Louzao, voceiro do BNG, di que tamén lle chamou a atención este Decreto por todo o manifestado anteriormente, e agradece esa mediación proposta polo Presidente de Deputación, pero cando un vai a un sitio a mediar o primeiro que hai que facer é invitar a esas persoas, polo menos o BNG non sabía que viña aquí o Presidente, po parte do Concello non se nos comunicou, cuestión que eu traía como pregunta, agora xa o deixo caer aquí que nos parece incrible que haxa unha visita institucional do Presidente da Deputación e non se comunique ao Grupos, é o mínimo. Sorpréndenos que siga nesa obstinación, non o dou entendido sinceramente, entón nós o que si propoñemos é un terceiro punto dicindo que o alcalde convoque a todos os portavoces dos grupos para que presenten propostas para negociar este Plan Adicional e chegar a un acordo. Se necesita os votos dos outros grupos ten que negociar, non hai que ser un faraón; o BNG sabe o peso que ten, nunca nos enroncamos, o que non damos entendido e que o primeiro que ten que dar ese pago non o faga, non sei cal é a razón.

O Sr. alcalde di que piden explicacións, pero antes xa larga un relato de suposicións. O Decreto ao que se refiren ten a seguinte xustificación, primeiramente as obras do Plan Complementario foron presentadas vía Decreto á Deputación, porque foron presentadas a este Pleno co POS e o Pleno por maioría votou en contra, o PP votou en contra, aí e cando o alcalde presenta a documentación vía decreto.

Recíbese circular do POS Adicional e aí é cando se da traslado vía decreto cando non se recibira aínda a Resolución da Deputación respecto do POS. Como os tempos de agora son todos documentos electrónicos teñen todos a data e hora, isto que lle estou dicindo é así, se pedira a documentación non argallaba un relato o seu gusto.

Os proxectos que o goberno ten presentados vía Decreto, porque o Pleno cos votos en contra do PP rexeitouno, son actuacións por importe de 236.693 euros que recollen renovación da totalidade das luminarias do alumeado público, transformación a LED e renovación dos cadros de mando da Parroquia de Loxo, da Parroquia de Vilar, da Parroquia de Circes e na Parroquia de Quión en Lago e San Fins.

Estamos de acordo con ese punto 3 adicional que propón, de feito traio anotada a data para trasladar, discutir, negociar as obras que se traian ao Pleno para o POS Adicional, o vindeiro martes 17 ás 13.30 horas.

O voceiro do PP, di que pode vestir o tema como queira pero aquí só hai un responsable da perda dos fondos que é vostede, porque se negou a respetar un acordo adoptado en Pleno, retorcendo as interpretacións legais ás que nos acostuma e a negar un acordo maioritario do 9 de xaneiro. Podía vostede intentar negociar, e respetar as maiorías, non acepta que está en minoría. O PP non votou en contra das obras nin da participación no POS, a vontade do PP era tan evidente que o 9 de xaneiro trouxo aquí unha proposta de inclusión de obras no POS o que non queriamos era participar coas obras que nos impuxese o sr. alcalde, iso está claro. Mantéñome en non valorar as obras da súa proposta, nos o que votamos é unha falla de respeto do sr. alcalde a un acordo plenario anterior, e iso é así e vista vostede como queira a cousa. Non nos olvidamos do sainete de convocarnos ás sete da mañá para ver se algún de nós non podía vir, define iso máis a unha persoa que toda a súa xestión, pretender mediante unha treta para ver se consigo que un concelleiro lle sea imposible vir, sabedor de que a convocatoria non era legal porque non nos daba tempo pero xogaba co tema de se iamos despois ou non ao contencioso. Só hai un culpable da perda dos fondos do POS base que é o sr. alcalde e o goberno que o apoia e teñen que recoñecelo e explicarlle aos veciños porque quixeron impoñer o seu santo capricho estando en minoría, levamos dous anos de lexislatura cantas veces nos chamou para negociar, o único esforzo claro que fixo foi para aprobar o seu soldo, aí tivo unha seria de iniciativas, da artimañas, da colocación dos grupos para ver se nos provocaba, de momento resultoulle eficaz, pero ten que recoñecer que é a única proposta seria en dous anos de lexislatura. Por suposto que votamos en contra das maniobras e artimañas do sr. alcalde e xa lle anticipo se segue maniobrando cos fondos do POS Adicional vai a ter o mesmo resultado que tivo co Plan Base, porque ese decreto que está dando lugar a este debate é unha maniobra pura de vostede para

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

provocar que digamos diante dos veciños de Vilar que nos quixemos cambiar e se proxecto, ou os de Loxo, esa é unha das súa artimañas; gustaríame saber que falou vostede co sr. Formoso, este Decreto ven a provocar, e que me diga que non tiña coñecemento o día 3 cando estivo o Sr. Formoso falando largo e tendido aquí, na prensa, o único Concello da provincia que perdera os fondos do Plan Provincial Base e dita un Decreto porque vostede descoñecía iso, hai que respetar un mínimo a intelixencia da xente, dos Concelleiros e por extensión dos veciños, e que se Decreto sexa a base sobre a que teñamos que negociar o Plan Adicional, se sigue con ese tema pola nosa parte non seguirá adiante o Plan Adicional. Non lle vai valer endosarnos a nos a culpa da perda dos fondos, a ventaxa dos alcaldes e que teñen protagonismo no bo e no malo, poucos éxitos tivo e non pode endosarlle a oposición os fracasos.

O voceiro do BNG, ratifícase na proposta de emenda que dixo anteriormente, cando falamos de negociar non falamos de a partir disto, senón que cada un aporte a súa proposta e di que espera que sexa así e negociar e que pola súa parte non ten problema que sexa o día 17.

O sr. alcalde di que a proposta de acordo que resulte será a proposta de acordo de todos, o goberno non pretende vender anacos de proposta de nada, efectivamente se cada un leva a súa proposta non temos ningún problema en que o resultado da nosa proposta sexa nada, pero por algo temos que empezar, por unha práctica simple de que xa está elaborada e presentada no POS complementario, non é outra cuestión. Do que hai do POS hai algunha obra proposta estritamente proposta polo BNG, aquí non se fixo diferenciación ningunha. Estamos de acordo coas propostas do 9 de xaneiro, pero inexecutable dende o punto de vista orzamentario, extraemos o fundamental e sobre iso estamos abertos a calquera debate, pero entendo que xa tiñan unha idea predeterminada de votar en contra, do non polo non como medida de desgaste.

Intervén o voceiro do PP, Sr. Reboredo dicindo porque non probou a negociar con nós a modificación dese acordo?

O Sr. alcalde di que non vou revelar as reunións que non frutificaron e como lle corresponde ao goberno presentar o Plan foi o que fixo. E respeto a afirmación da perda dos fondos do POS, aínda non é así.

Podemos concretar data e hora da reunión de portavoces para acordar unha proposta única, martes 17 á unha e media.

O Sr. Reboredo González di que a para el a mellor hora é a primeira hora da mañá.

O Sr. Louzao, voceiro do BNG, di que por el non ten problema.

O concelleiro non adscrito di que el tamén é aparte dese acordo e que lle confirma maña.

O Sr. alcalde di que quedan convocados para o martes 17 ás 9.00 horas. Se alguén non puidera que o comunique.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Reboredo González, voceiro do PP, realiza as seguintes preguntas.

1. O próximo día dezasete cúmprense dous anos da constitución da Corporación do Concello e máis da elección de alcalde, como é coñecido de todos esa elección foi fruto dun pacto de goberno de MVXT e Partido Galego no qeu ambos grupos segundo se comentaba se repartían a alcaldía dous anos para cada un, preguntamos segue en vigor ese pacto?

2. O sr. alcalde vai presentar a súa dimisión para que o Sr. Martínez Pereira poda presentar a súa candidatura á alcaldía e cumprir así a segunda parte dese pacto que nadie vimos pero que din por aí que hai?

3. Esta pregunta debería ser para a Concelleira de Servizos Sociais, temos queixas dalgúns usuarios do servizo de axuda a domicilio de que a nova adxudicataria non puxo a disposición todos os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

materiais que ofertou na contratación, concretamente tema grúas, pregunto se teñen coñecemento disto e no seu caso que medidas se adoptaron.

4. Nas liquidacións mensuais de quilometraxe, comprobamos que o sr. alcalde factura cada mes un media de catrocentos quilómetros en desprazamentos, a groso modo, no mes de abril factura seiscentos vinte e sete quilómetros de desprazamentos oq ue supoñen cento sesenta e tres euros, nós xa sabemos que vostede vive fóra do Concello, pero de todos os xeitos haberá que xustificar algo de semellante cantidade de desprazamento, sae unha media de trinta e pico kilómetro por día laborable, gustaríanos que nos aclare este tema da quilometraxe.

5. Con toda seguridade no próximo pleno traeremos unha Moción sobre o incumprimento das normas de contratación en varios contratos menores, xa temos falado deles aquí, pero hai dous en concreto o sa asesoría xurídica e o da contabilidade, non e que non se cumpran as normas nin se renovan, porque motivo ese contratos non se renovan? En que situación contractual están esas empresas adxudicatarias dese servizo, téñeno en propiedade?

6. Estamos vendo que se están facendo desbroces en pistas municipales e nalgúns casos só se desbroza a cara interna da cuneta, pregúntome para cando e para quen as partes externas e os taludes, e se se vai a externalizar ese servizo.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1 e 2. Respecto da primeira pregunta, a vontade dos acordos é cumprilos, veremos a fórmula.

3. Respecto da segunda, si recibimos queixas de persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, pero en concreto desa cuestión non me constan, se foran trasladadas formalmente si me chegarían.

4. O Alcalde pasa mensualmente unha relación dos desprazamentos identificando os mesmos, estando a disposición de quen os solicite. Son desprazamentos nas labores do exercicio do cargo de Alcaldía dende a Casa do Concello. Consta na relación o día, kilometros e destino dende a Casa do Concello.

5. Miro e respóndolle no seguinte Pleno.

6. O Concello non ten previsto externalizar o servizo de desbroce, a época para desbrozar é mala porque rebrota rapidamente, entón non se están executando os desbroces dos taludes porque sabemos que os desbroces que se están facendo haberá que facelos de novo, estase facendo un primeiro desbroce de presa e de urxencia só dos paseos das vías e cando seque un pouco máis e a vexetación non rebrote tanto repetiranse os desbroces nestas zonas que se están executando agora mesmo e execuntando definitivamente e facendo tamén os taludes.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. Respecto da limpeza das cunetas, me chama a atención que é unha limpeza parcial, gustaríame saber se o Concello ten algún criterio á hora de establecer as prioridades de limpeza.

2. No pleno pasado eu preguntei pola compra dun cortacéspede, presentáronse nove propostas e quedou deserto porque ningunha empresa cumpría os requisitos dos pregos, e eu pregunteille e o alcalde contestou que os pregos non están mal, están claros, as ofertas están mal, é dicir a culpa e das empresas que non teñen nin idea. Volveuse a presentar de novo no mes de abril coas mesmas bases só ampliándolle o prezo nun cinco por cento, resultado cero empresas que se presentaron, evidentemente as empresas teñen máis cousas que facer, resulta que nos enteramos, casualidades da vida, que unha das condicións establecidas no prego só hai no mercado unha máquina que a cumpre, é a condición é o grosor dunha chapa que en vez de ter grosor de 3,8 milímetros téñena de 3,4 milímetros todas as máquinas menos unha, esa tamén se presentaba pero fixo fora de prazo, nós non entendemos nada desto, a pregunta é cal é a razón pola que se esixía esa característica tan concreta cando é completamente secundaria porque é o grosor dunha chapa, había algún interés particular, porque non se modificou iso, e xa habería unha modificación en competencia, tal é o nivel de desidia que non somos capaces de comprar un cortacéspede, eu non podo entendelo.

3. Aínda que lla fixo o PP, eu tamén lla vou a facer, agora que se cumpren os dous anos de mandato, cando van a proceder MVXT e PG a intercambiarse a alcaldía como acordaron no seu momento. Perdoe que sexa reiterativo pero tamén teño curiosidade, eu e toda a veciñanza.

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Estase priorizando aquelas vías asfaltadas, estreitas e con máis tránsito porque son as que máis riscos de seguridade teñen e tamén se tenta darlle unha continuidade no sentido de rentabilizar o traballo o máis posible no senso de non facer desbroces discontinuos, senón facelos continuados dunhas vías noutras.

2. Respecto da cuestión do cortacéspede, o tema é precisamente unha cuestión non menor, unha cuestión estrutural, se é un chasis profesional ou máis doméstica. Non cumpren os requirimentos, sabemos que hai máis máquinas que o cumpre, outra cousa é por cuestións de prezo non lle interese participar. Se a cuestión é o Concello tiña interés nunha máquina en concreto a resposta é non, tiña interés nunha máquina cunhas características determinadas que se recollen nos pregos, unha máquina profesional cun chasis reforzado profesional que por iso se mide o seu espesor en galgas e ese é un elemento estrutural, sen máis.

3. Matizando tamén a pregunta do PP, de que eu for a alcalde cos votos de Movemento Veciñal e Partido Galego tamén cos do BNG, aproveito e vou recordar algo que lle dixen o primeiro día lle reiterei nalgunha ocasión, ao BNG ofrecéuselle e segue a oferta e tena aberta para cando queira un posto na Xunta de Goberno.

O Sr. Louzao, di que perdoe que lle interrompa pero como pode ofrecerlle ao BNG un posto na Xunta de Goberno cando dous da Xunta de Goberno lle acaban de marchar, vostede que quere que me suicide.

O sr. alcalde di que lle recorda a proposta, e os acordos hai a vontade de cumprilos

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 22.35 horas do 12 de xuño de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: b6jRvj8ZtRVHEZHxvJgy Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.